

**Acta núm. 10/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 7 de xullo de 2026.**

ASISTENTES:

Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Non asisten:

Pablo Lago Sanmartín
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 7 de xullo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside a 1ª tenente de alcalde Sandy Marie Cebral Gómez, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2026, DO 16/06/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES DURANTE O VERÁN 2026.
- 7º) ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á FESTA DOS MAIORES 2026.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2026, DO 16/06/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 16.06.2026, acta núm. 09/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María José Rodríguez Vilarinho, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO DEVESA DA GÁNDARA 2 B, na que comunica que vai executar obras que afectan á envolvente do edificio de vivendas sito na rúa Inxerido nº 3 (Bloque 2B), consistentes no selado das galerías do edificio de vivendas e na recolocación de canlóns e saída de augas das fachadas do baixo cuberta.

A edificación (referencia catastral 6349333NH2465S) na que se van executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UNC1.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 279,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 344,17 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BALNEARIO DO TREMO DE OS ÁNxeLES - BRIÓN, na que comunica que vai executar obras de reparación da impermeabilización da cuberta do edificio de vivendas sito na Urbanización Balneario do Tremo, Bloque B, portal 8, actuación que afecta á zona correspondente e coincidente coa vivenda 2ºB.

As obras consisten na implantación en zona de conflito dunha lámina impermeable (tela asfáltica) e reposición do material de cobertura metálica existente, e pintura de selado.

A edificación (referencia catastral 7649410NH2474N0009JW) na que se van executar as obras emprazase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3), séndolle de aplicación a normativa do Plan Especial do Balneario do Tremo (A.D. 31.03.1997).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DIEGO GONZÁLEZ LAMAS, na que comunica a execución de obras de reparación parcial da cuberta do edificio de vivendas situado na Avenida dos Ánxeles nº 35 e 37, co obxecto de solucionar as filtracións existentes no faldón sur da mesma. Así mesmo, prevese a limpeza integral da cuberta mediante a aplicación de auga a presión, así como o pintado do aleiro.

As obras consistirán na retirada parcial das tellas da zona afectada, na colocación dunha lámina impermeabilizante e na posterior reposición das tellas previamente retiradas, mantendo a configuración e os materiais existentes na cuberta.

A parcela (referencia catastral 6546315NH2464N0001UD) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,36 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 107,93 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por Francisco Gómez Portela, que di actuar en representación de OBRAS GALLAECIA S.L., na que comunica a primeira ocupación dun edificio de vivenda colectiva (13 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros), na rúa Gafo 1 – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. Con data 09.05.2023 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a OBRAS GALLAECIA S.L, para construír un edificio para 15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros, na Rúa Gafo 1, Os Ánxeles, con arranxo ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.11.2022 e documentación complementaria visada con data 29.03.2023.

2. Con data 01.07.2025 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 9 de maio de 2023, a OBRAS GALLAECIA S.L, para a construción dun edificio de vivenda colectiva (15 vivendas, 15 prazas de garaxe e 15 trasteiros) a executar na rúa do Gafo, núm. 1 en Os Ánxeles, Brión, de tal xeito que tan só se executarán 13 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros conforme coa "Memoria xustificativa para modificación de licenza de obra sobre proxecto de edificio en construción de vivenda colectiva para 13 vivendas, garaxes e trasteiros" , o proxecto modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 14.01.2025 e documentación complementaria visada con data 11.06.2025. (expte. 2205723) e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despreparará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Jesús María Alonso Fernández, con data 20.03.2026, visado polo Colexio oficial correspondente con data 09.04.2026, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 371,36 euros.

Total: 371,36 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa presentada por Germán Barja Seijas, que di actuar en representación de SOFÍA LÓPEZ YAÑEZ, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar en Outeiro 46 – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local de data 04.07.2023 concedeu licenza a SOFIA LÓPEZ YAÑEZ para construír unha vivenda unifamiliar en Outeiro 46, Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto Germán Barja Seijas, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.05.2023.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Germán Barja Seijas con data 12.01.2026, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.04.2026, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 955,90 euros.

- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 1.052,75 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de retranqueo de liña de baixa tensión no lugar de Lamiño – Brión. As actuacións proxectadas segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez asinada con data 25.05.2026, comprenden o desmonte de varios tramos aéreos da liña de baixa tensión existente e a execución de novos tramos soterrados de liña de baixa tensión, cunha lonxitude total de 159 metros lineais.

Así mesmo, proxéctase a instalación de seis novos puntos de acceso á rede (PAR), conforme á localización e características definidas nos planos que integran o proxecto.

A actuación proxectada afecta a un vial de titularidade municipal e sitúase nun ámbito clasificado como solo urbano consolidado, ao que lle resulta de aplicación a ordenanza UC-2 do PXOM. Así mesmo, o emprazamento localízase na aldea de Lamiño, incluída no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM coa clave BE-6 e cun nivel de protección estrutural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 4.943,54 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 988,71 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 1.053,28 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Atelco Field Factory, S.L.U., que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA, SAU., na que solicita licenza para executar obras de substitución de 7 postes e 4 riostras existentes de infraestrutura aérea de subministro de rede de telefonía, así como a instalación de reforzo de 10 novas riostras, nas aldeas de Fonte Paredes e Ons, parroquia de Ons, segundo proxecto técnico asinado con data de 12.12.2023 polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos.

A actuación proxectada afecta parcialmente á zona de servidume contigua á zona de dominio público da estrada provincial DP-1302 (Urdilde–Negreira), así como ao viario municipal. Ademais, intervén en terreos clasificados polo PXOM como solo rústico de especial protección, tanto de protección agropecuaria (parcelas da concentración parcelaria do polígono 502 de Brión) como de protección forestal. Igualmente, parte da actuación localízase dentro da zona de afección de augas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Deputación Provincial da Coruña do 26.11.2025 (expediente 2025000039170), da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 16.09.2024 (clave DH.W15.103251) e dos informes do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da Coruña de data 18.10.2024, e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras executaranse conforme as condicións técnicas e prevencións recollidas na autorización da Deputación Provincial da Coruña do 26.11.2025 (expediente 2025000039170).

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ARMAS GONZÁLEZ, na que solicita licenza para executar obras consistentes na substitución da cobertura de tella cerámica curva da vivenda sita en Reboredo Grande nº 10, Bastavales, así como na impermeabilización das limas ou encontros dos faldóns da cuberta, con carácter previo á colocación da nova cobertura.

A parcela (referencia catastral 6424108NH2462S0001YP), na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8), e sitúase na aldea de Reboredo Grande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: XBE2 e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses

de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 384,20 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 448,77 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cirugeda García, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza de obra para realizar unha infraestrutura de gas canalizado que descorre por un vial municipal para dar acometida a unha vivenda unifamiliar sita na Urbanización Hortensia nº 11 – Os Ánxeles. A acometida proxectada terá unha lonxitude de 1 metro lineal soterrado e executarase mediante tubaxe de polietileno de 32 mm. de diámetro.

A parcela (referencia catastral 6550180NH2466S0001OG), emprázase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM e sitúase dentro da zona de afección do Rego de Pego (idcurso: 10037846).

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 22.04.2026 (clave DH.W15.116327) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 4,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 69,13 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN LUEIRO MAROÑAS, na que solicita licenza para obras de pintado das fachadas e limpeza da cuberta con auga a presión da vivenda nº 33 de Mourentáns, Viceso.

A parcela (referencia catastral 1474901NH2417S0001HY), na que se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona oeste (Ordenanza nº 9 do PXOM), e sitúase na aldea de Mourentáns que está integrada no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificada coa clave: VE2 e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-.Que as fachadas queden pintadas en tons claros, e preferentemente na gama dos brancos.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 119,00 euros.

Total: 119,00 euros.

f) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSÉ RAMÓN MOURIÑO CARDESO, na que solicita licenza para construír unha edificación de planta baixa, de 48 m², para destinar a garaxe, a emprazar no interior da parcela sita en Reboredo Grande nº 8, Bastavales. A construción executarase con muros de fábrica de bloque, enfuscados e pintados, e cunha cuberta resolta a dúas augas, executada con tella cerámica curva sobre placas de fibrocemento. A edificación terá unha altura de 3,00 m. no aleiro e unha altura de cuberta de 1,50 m.

A parcela (referencia catastral 6424105NH2462S0001WP), na que se van executar as obras sitúase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8: NRL-1), e atopase na aldea de Reboredo Grande que está integrada no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificada coa clave: XBE2 e con nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.-O garaxe afastarase como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela.

.-A cor dos paramentos acabados terá que ir en tons claros, e preferentemente da gama dos brancos.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 160,95 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 225,52 euros.

g) Deuse conta dunha instancia presentada por DOLORES DIVINA PATIÑO NEO, na que solicita licenza para construír un galpón para destinar a garaxe na traseira da parcela sita en Nináns nº 16 – Luaña. A edificación de 30 m² executarase con muros de fábrica de bloque revestidos e pintados en cor branca e cuberta de tella cerámica curva sobre pranchas de fibrocemento. A altura do mesma é de 2,50 metros.

A parcela (referencia catastral 0449406NH2405S0001JF), na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM e sitúase dentro do contorno de afección dun elemento incluído no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificado coa clave: LE6 (“vivenda en Nináns”) e nivel de protección estrutural. En

consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-O garaxe afastarase como mínimo a 3 metros dos lindeiros particulares da parcela e deberá axustarse a planimetría aportada.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 122,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 186,57 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Brenlla Romarís, que di actuar en representación de JOSÉ SUÁREZ FRANQUEIRA, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Mourentáns 59 – Viceso, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.12.2025 e Anexo I visado con data 26.05.2026 (expte. 2506622).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 1472802NH2417S0001AY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e atopase nun conxunto que figura no catálogo do PXOM vixente e do Plan básico autonómico coa referencia VE2 Aldea de Mourentáns e nivel de protección estrutural.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expediente XTC-2025-1532.AUI) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 05.12.2025 e Anexo I visado con data 26.05.2026, (expte. 2506622).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (22,75 m² asinados en documento administrativo de cesión), deberá aportar aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e

acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400 mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m³.

-. A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 22,75 m², destinados á regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de xuño de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.576,45 euros.
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.
Total: 1.672,48 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de VENTURA CAMBEIRO CONDE e MARÍA DEL MAR MOLINA CAMPOS, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Estrar 45 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data xaneiro 2026, sen visar.

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral 6940504NH2464S0001LZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 29.05.2026 (expediente XTC-2026-0477.AUI), da autorización de Augas de Galicia de data 29.04.2026, (Clave DH.W15.115812), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

Coa devandita comunicación previa chegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e a separación a lindeiro, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

.- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, con data xaneiro 2026, sen visar, e cumprirá as condicións recollidas no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia de data 29.05.2026, expte. XTC-2026-0477.AUI:

- As cores de acabado das fachadas e das carpinterías estarán entre as identificadas no Tomo VII, apartado R06 (páx 49 e ss) da Guía de cor e materiais de Galicia.
- Recoméndase que as persianas se dispoñan polo interior.

Igualmente a execución das obras deberá cumprir as condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 29.04.2026, (Clave DH.W15.115812).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (18m² aceptados pola Xunta de Goberno Local de data 25.11.2025), deberá aportar aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m³.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 1.600,01 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.696,04 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por David Domínguez Pérez, que di actuar en representación de ALBERTO VIAÑO MOURE, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Outeiro 48 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Laura Barja Regueira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.04.2026 (expte.2602279).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7841401NH2474S0001FW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2) e sitúase dentro da zona de policía do Rego Sanín (idcurso 10037846).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 15.05.2026, (Clave DH.W15.116826), dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Laura Barja Regueira, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 30.04.2026 (expte.2602279) e ás condicións impostas na autorización de Augas de Galicia de data 15.05.2026 (Clave DH.W15.116826).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (55,03 m² asinados en documento administrativo de cesión), deberá aportar aval por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m3.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 55,03 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de xuño de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 4.100,87 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 4.196,90 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ÁNGEL PÉREZ CASTELO e IRENE ADRÁN SUÁREZ, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Sanín 31 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso con data 12.05.2026, sen visar.

As parcelas onde se vai executar a obra (referencias catastrais 6538412NH2463N0001TL, 6538411NH2463N0001LL e 6538411NH2463N0000KK), agrupadas segundo documento notarial de data 31.03.2026, emprázanse en dúas clasificacións de solo:

- Parcela catastral 6538411NH2463N0001LL en solo rústico de especial protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición Transitoria primeira letra 2.d). Superficie: 4.472,00 m².
- Parcelas con referencias catastrais núm. 6538412NH2463N0001TL e num. 6538411NH2463N0000KK en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), sobre a que se vai construír a vivenda. Superficie bruta: 1.602,00 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde) nun prazo máximo de 6 meses contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e a separación a lindeiro, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de incidencia análoga.

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, con data 12.05.2026.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (156,16 m² asinados en documento administrativo), deberá aportar aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m³.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 156,16 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de xuño de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 187,31 euros.

Total: 3.187,31 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA ARAUJO DE POMBAL e ROI GALEGO FERNÁNDEZ, solicitando licenza para a rehabilitación, non integral, dunha vivenda unifamiliar no lugar de Guisande 10 – Os Ánxeles, segundo proxecto de reforma de vivenda, asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.06.2026 (expte. 2603191).

Antecedentes:

1. A vivenda a rehabilitar conta con licenza de obra concedida pola Comisión de Goberno en data 27.11.1990, para a construción dunha vivenda a emprazar na marxe esquerda da pista Estrar-Guisande, no lugar de Guisande – Os Ánxeles, segundo o proxecto do arquitecto D. Ladislao Gallego Villanueva (expediente nº 638), e emprázase (referencia catastral 6433404NH2463S0001SR) sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto de reforma de vivenda, asinado polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 10.06.2026 (expte. 2603191).

- A obtención da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de

construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.382,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 564,68 euros.

Total: 3.947,48 euros.

SEXTO.- ESTABLECEMENTO DE PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES PARA PERSOAS MAIORES DURANTE O VERÁN 2026.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.07.2026, que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 16.06.2026, e o informe de intervención do 23.06.2026.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades para persoas maiores durante o verán 2026, de acordo coa seguinte tarifa:

Prezo público por persoa e actividade: 15,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SÉTIMO.- ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA Á FESTA DOS MAIORES 2026.

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.07.2026, que transcrita di:

Visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais do 01.07.2026, e o informe de intervención do 01.07.2026.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia á festa dos maiores 2026, de acordo coa seguinte tarifa:

Prezo público por persoa: 10,00 €.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio no BOP.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

A 1ª tenente de alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González